

Artigo 3.—Prohíbese que os animais domésticos realicen as súas deposicións sobre as beirarrúas, parterres, zonas verdes ou terrazas e restantes elementos da vía pública destinados/as ó paso ou estadia da cidadanía. O/a propietario/a dun animal doméstico ou, en forma subsidiaria, quen o teña ó seu coidado está na obriga de recoller e retirar das rúas, avenidas, parques e outros lugares públicos as deposicións ou materiais similares que deposite o animal, sendo o responsable da suciedade que este produza na vía pública.

Artigo 4.—Queda prohibida a limpeza e o lavado de animais domésticos na vía pública.

Artigo 5.—Queda prohibido ó acceso ou permanencia de animais domésticos ou de compañía naqueles lugares de concurrencia pública e uso público tales coma parques, alamedas, praias, xardíns, piscinas, ect... nos que a súa estadia resulta desaconsellable por razóns higiénicas ou sanitarias, ou por resultar a súa natureza e comportamento incompatibles coa actividade que en tales lugares se desenvolva.

Para tal efecto, os citados lugares contarán coa correspondente sinal. En calquera caso, tamén estará prohibida con carácter xeral tal tenencia en calquera outro lugar d concurrencia e titularidade pública. Sempre que non haxa unha prohibición expresa, os animais deberán ir debidamente controlados utilizando sempre correa e buceira cando fose preciso.

## CAPÍTULO 2 RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 6.—Os/as infractores/as da presente Ordenanza serán sancionados/as de acordo o que dispón este Título.

Artigo 7.—Todo cidadán ou persoa xurídica poderá denunciar perante ó concello calquera infracción da presente Ordenanza.

Artigo 8.—As denuncias orixinarán o oportuno expediente en averiguación dos feitos, seguíndose os trámites preceptivos, coa adopción das medidas cautelares necesarias a resolución final.

Artigo 9.—As infraccións clasificaranse en LEVES, GRAVES e MOI GRAVES, segundo a tipificación que se faga delas nos artigos seguintes.

Artigo 10.—O procedemento sancionador axustarase ó regulado con carácter xeral para as Administracións Públicas.

Artigo 11.—Constitúen infraccións leves :

- Non recoller as deposicións dos animais nas rúas, avenidas, parques e outros lugares públicos.
- Lavar os animais na vía pública ou en lugares de concurrencia pública.

Artigo 12.—Constitúen infraccións graves:

- Permitir que o animal transite (acompañado ou non) por lugares ou espazos públicos cando este uso esté especialmente prohibido neles.

\* \* \*

## SOUTOMAIOR

### A N U N C I O

De conformidade có disposto no art. 70.2 da Lei 7/85. de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, procédese á publicación da presente Ordenanza, unha vez aprobado definitivamente polo Concello.

#### ORDENANZA DE TENENCIA DE ANIMAIS NA VÍA PÚBLICA

##### CAPÍTULO 1 TENENCIA DE ANIMAIS NA VÍA PÚBLICA

Artigo 1.—Esta Ordenanza ten por obxecto regular a tenencia de animais na vía pública.

Artigo 2.—En todo o que non prevea esta Ordenanza, estarase ó previsto na lexislación vixente.

Artigo 13.—Constitúen infraccións moi graves:

- Reincidencia na comisión de tres faltas graves

Artigo 14.—Na aplicación das sancións aténdese ó grao de culpabilidade, intencionalidade, dano causado, perigosidade que implique a infracción e demais circunstancias atenuantes ou agravante que concurran.

Artigo 15.—O importe da sanción será o seguinte:

- LEVES: apercibimento e multa de ata 50 €
- GRAVES: multa de 50.01€ a 150€
- MOI GRAVES: multa de 150.01€ a 600€

O valor da sanción poderá incrementarse ou reducirse de acordo coas circunstancias dos feitos.

As infraccións reincidentes cuantificaranse nun 25% máis ó que lles corresponda polas súas características.

Soutomaior, a 26 Agosto de 2010.—A Alcaldesa Accidental, M<sup>ra</sup> Dolores Cernadas García. 201009343

\* \* \*